

DECRETO DA ALCALDÍA NÚM.

Asunto: Expropiación forzosa. Proxecto de obras *Urbanización da rúa Obispo García Pardiñas*. Formalizar a acta de pagamento e a ocupación da relación de bens e dereitos.

Expediente Tedec núm.: 2023/X999/000009
Expediente decreto núm.: 2025/G003/001368

FEITOS

Logo de ver o expediente que se tramita para executar as obras *Urbanización da rúa Bispo García Pardiñas*.

Na contorna da rúa da *Corredoira da Torre* e rúa do *Obispo García Pardiñas*, a planimetría do Plan Xeral de Ordenación Municipal, (en diante PXOM), regulariza ditos viarios e establece as aliñacións que se recollen no plano B.3.2 de Clasificación do solo.

Este concello, en cumprimento do establecido no PXOM, considera necesario realizar as determinacións que no mesmo se conteñen, urbanizando dita área, acometendo una mellora da seguridade viaria, prestando especial atención a eliminar as barreiras arquitectónicas e continuar á beirarrúa situada entre as rúas da *Corredoira da Torre* e do *Obispo García Pardiñas*.

E de ver o proxecto *Urbanización da rúa do Obispo García Pardiñas*, que elabora a *Consultoría de Enxeñería, Medio Ambiente e Arquitectura* (CIMARQ), e asina o enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, Gustavo Vázquez Herrero, colexiado núm. 17803, no que se detallan as obras a realizar e a relación concreta e individualizada de propietarios e bens que resultan afectados pola execución do proxecto técnico. Tamén se relacionan os terreos a ocupar para executar as devanditas obras e valoran os mesmos.

No expediente consta a descrición material de bens e dereitos a expropiar:

Referencia Catastral	Clase	Situación	Superficie (m²)
5748579NH1654N0001LU	Urbano	Margen derecho (dirección Rúa Obispo García Pardiñas) de la Rúa Corredoira da Torre	16,00
5748580NH1654N0001QU	Urbano	Margen derecho (dirección Rúa Obispo García Pardiñas) de la Rúa Corredoira da Torre	38,00
5748508NH1654N0001YU	Urbano	Intersección entre la Rúa Obispo García Pardiñas y la Rúa Corredoira da Torre	59,00

Finca núm.	Referencia catastral	Superficie total	Superficie a expropiar (m²)	Titular
1	5748579NH1654N0001LU	194 m2	16 m2	Ferreiro García, Sofía Teresa
2	5748580NH1654N0001QU	195 m2	38 m2	Ferreiro García, Carmen
3	5748508NH1654N0001YU	59 m2	59 m2	Redondo García, José Luis

E de ver os trámites realizados:

Documento	Data/Núm.	Observacións
Acordo plenario que aproba o Plan Xeral de Ordenación municipal	05/04/2001	PXOM
Anuncio <i>Boletín Oficial da Provincia da Coruña</i> do PXOM	86 do 16/04/2001	

Proxecto das obras	novembro de 2022	CIMARQ
Informe asesoría xurídica (externa)	23/02/2023	
Acordo plenario de aprobación inicial do proxecto de obras e a relación concreta e individualizada dos bens a expropiar para executar as obras. Implícita a declaración de utilidade pública e a necesidade de ocupación dos bens e dereitos		
Notificacións do acordo plenario mencionado ás persoas titulares	19/04/2023	
Anuncio <i>Boletín Oficial da Provincia da Coruña</i>	85 do 05/05/2023	
Anuncio <i>El Correo Gallego</i>	05/05/2023	
Taboleiro de Edictos Electrónico municipal	05/05/2023	
Alegacións á aprobación inicial	P.S.F.	Representación C.F.G.
Acordo plenario de aprobación definitiva do proxecto de obras e a relación concreta e individualizada dos bens a expropiar para executar as obras. Desestimación alegacións	24/05/2024	
Notificación individual do acordo plenario S.F.F.G.	12/07/2024	
Notificación individual do acordo plenario C.F.G.	27/08/2024	2ª notificación
Notificación individual do acordo plenario J.L.R.G.	11/07/2024	
Anuncio <i>Boletín Oficial da Provincia da Coruña</i>	153 do 09/08/2024	
Anuncio <i>Diario de Bergantiños</i>	09/08/2025	
Taboleiro de Edictos Electrónico municipal	09/08/2024	
Conferir prazo de 20 días para desconformidade coa valoración	10/08-06/09/2024	Ningunha
Alegacións á desconformidade coa valoración aprobada		Entender aceptada
Recurso potestativo de reposición contra o acordo plenario		Ningún
Recurso contencioso-administrativo contra o acordo plenario		Non consta

A aprobación definitiva do proxecto de expropiación implica a declaración de utilidade pública e a necesidade de ocupación dos bens e dereitos necesarios para a súa execución, para os efectos da súa expropiación forzosa.

De conformidade co artigo 118.10 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, este acordo de aprobación definitiva implica a declaración de urxencia da ocupación dos bens e dereitos afectados.

En consecuencia, o pagamento ou depósito do importe da valoración establecida producirá os efectos previstos nos números 6, 7 e 8 do artigo 52 da Lei de Expropiación Forzosa, sen prexuízo de que continúe a tramitación do procedemento para a definitiva fixación do prezo xusto (artigo 118.11 da Lei 2/2016).

E de ver que as persoas interesadas titulares de bens e dereitos manifestaron verbalmente a súa conformidade á valoración realizada pola Corporación e que consta no acordo da necesidade de ocupación. Tamén que se realice o pagamento mediante transferencia bancaria. Levantada a acta de ocupación permitirán a ocupación da finca.

O Pleno da Corporación municipal, en sesión do 24/05/2025, acordou delegar e facultar ao alcalde para cantas actuacións se deriven dos trámites subseguintes ao acordo plenario, por tanto e entre outros, efectuar o pagamento do xustiprezo e a ocupación da finca.

Consonante co disposto no artigo 48 da Lei de expropiación forzosa e 48 e seguintes do seu regulamento, procede realizar o pago da contía fixada no prazo máximo de seis meses

En cumprimento dos artigos 48, 49 e 53 da Lei de expropiación forzosa do 16 de decembro de 1964, e os concordantes do regulamento.

De acordo con todo o indicado, **RESOLVO:**

Primeiro.- Convocar ás persoas titulares dos bens e dereitos para formalizar a acta de pagamento e a ocupación da finca nas dependencias municipais nestas datas:

Finca núm.	Referencia catastral	Superficie total	Superficie a expropiar (m²)	Persoa titular	Casa do Concello A data e a hora
1	5748579NH1654N0001LU	194 m2	16 m2	Ferreiro García, Sofía Teresa	29/08/2025 12:30 -13:00 h
2	5748580NH1654N0001QU	195 m2	38 m2	Ferreiro García, Carmen	22/08/2025 12:30 -13:00 h
3	5748508NH1654N0001YU	59 m2	59 m2	Redondo García, José Luis	26/08/2025 12:30 -13:00 h

Segundo.- As persoas titulares interesadas deberán de comparecer de conformidade co artigo 49 do Regulamento de expropiación forzosa, persoalmente ou ben representados pola persoa debidamente autorizada para actuar no seu nome, podendo vir acompañada á súa costa, se o estima oportuno, dos seus peritos e notarios.

Deberá achegar os documentos acreditativos da súa titularidade (escrituras de propiedade da finca), e a certificación gráfica e descritiva de catastro (que lle será facilitada nas oficinas municipais ou o último recibo da contribución, se constase nel a referencia catastral da finca).

No caso de que a propiedade proceda dunha herdanza, a documentación a presentar serán as escrituras de partición de dita herdanza coa cota onde conste a finca expropiada, debendo identificar a mesma. No caso de que a partición da herdanza non fose efectuada e a finca estivese a nome de herdeiros, deberá aportar ademais: certificado de defunción, certificado de últimas vontades e testamento do titular, ou no seu defecto declaración de herdeiros.

Advertir ás persoas interesadas que o pagamento farase precisamente aos que consten como donos da cousa ou persoas titulares do dereito expropiado, debendo estar todos presentes no acto do pagamento, non admitíndose representación senón por medio de poder debidamente autorizado (notarial ou do Consulado), xa sexa xeral ou particular para este caso. Identificarse co Documento Nacional de Identidade.

De ser o caso de non poder asistir persoalmente, non achegar a documentación requirida, ou naqueles casos en que non fora posible efectualo, procederase á consignación do importe na Caixa Xeral de Depósitos.

Así mesmo, neste acto, procederase á formalización da acta de ocupación correspondente, en cumprimento do disposto nos artigos 52 e 55 do Regulamento de expropiación forzosa do 26 de abril de 1957.

O pagamento realizarase mediante transferencia bancaria, tal como se acordou de mutuo acordo e diso deixarase constancia nos documentos que se asinen nas dependencias municipais. Se non o manifestasen así, realizarase mediante talón nominativo, o pago será en metálico.

No caso de non poderse realizar o pagamento, polos motivos sinalados previstos no parágrafo cuarto anterior, cítase ás persoas interesadas para a formalización da acta de ocupación o día 2 de setembro de 2025, no lugar e no horario sinalados anteriormente.

Se a persoa titular interesada rexeitase recibir o prezo ou cando exista litixio ou calquera cuestión entre a persoa interesada e a administración consignarase o xustiprezo pola cantidade que sexa obxecto de discordia na Caixa Xeral de Depósitos.

Terceiro.- Efectuado o pagamento, ou consignado na Caixa Xeral de Depósitos, procederase a ocupar a finca por vía administrativa ou a realizar o exercicio do dereito expropiado.

Cuarto.- Levantada a acta de ocupación, achegarase o expediente ao Rexistro da Propiedade para a práctica dos asentos que correspondan.

Quinto.- Comunicar a todos os interesados que, de conformidade co disposto no artigo 24 da LEF, este expediente de expropiación darase por rematado no caso de que o concello e aqueles conveñan a adquisición dos bens e dereitos obxecto da expropiación libremente e por mutuo acordo.

Sexto.- Trasladar este acordo aos servizos de intervención e tesourería para os efectos oportunos.

Sétimo.- Comunicar ás persoas titulares interesadas que o contido desta resolución non esgota a vía administrativa por tratarse dun acto de trámite e que contra a mesma non procede interpoñer recurso ningún, sen prexuízo do que establece o artigo 112.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo das administracións públicas.

Oitavo.- Dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que realice.

Santa Comba, na data da sinatura dixital

O alcalde

Alberto Romar Landeira

Dou fe

O secretario accidental

(PR da DXAL do 25/03/2021 e

(Decreto da alcaldía núm. 1154/2025 do 01/08/2025)

Evaristo Lois Rama

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE